

A intelixencia emocional

Cando acudir ao Departamento de Orientación?




Centros
plurilingües

SAMSUNG

12:59 PM

Tes un Apple e gustaríache que “falase” galego? Podes apoiar a iniciativa *queremosapplegalego* na web <http://ir.gl/eb5243>



Onde estás? Que queres facer? Cando? Prepara os teus plans buscando recomendacións e lugares na guía de eventos culturais vivea.gal.



SONY

A Asociación de Escritores en Lingua Galega convidanos a celebrar o 24 de febreiro o Día de Rosalía de Castro. Participa enviando un vídeo. Tes toda a información en aelg.org

**Eu
son
Rosalía!**


Se queres levar todos os sinónimos da nosa lingua no teu móbil, podes descargar a aplicación *Sinónimos do galego* da Universidade de Vigo en <http://ir.gl/e1b8e0>. Dispoñible para Android e iOS

BlackBerry

12:21

Se buscas recursos para gozar do entroido co teu fillo/a (disfraces, historias, xogos...), podes atopalos en <http://ir.gl/91f245>

Nace unha publicación en liña especializada en literatura infantil e xuvenil. Chámase *Criaturas* e podes lela en criaturas.gal



SAMSUNG

12:45 PM

Revista editada pola CGENDL
www.coordinadoraendl.org
ollosdeaula@gmail.com
Deseño-maquetación: tallerDD.com

A pregunta

Cando acudir ao Departamento de Orientación?




Responde: Carmen Díaz Simón

[Orientadora no IES Lucus Augusti (Lugo)]

Compartimos de M. Álvarez e R. Bisquerra o seu enfoque de **orientación socio-psicopedagóxica**: consiste nun proceso de axuda continuo e sistemático, dirixido a todas as persoas, en todos os seus aspectos, poñendo unha énfase especial na prevención e no desenvolvemento (persoal, social e académico-profesional), que se realiza ó longo de toda a vida, coa implicación dos diferentes axentes educativos (profesorado, persoas titoras e orientadoras) e sociais (familia, profesionais externos/as, etc). Entendemos a orientación como unha labor de todo o equipo docente e, por extensión, de toda a comunidade educativa, sendo o/a orientador/a un elemento dinamizador deste proceso. Os principios que van guiar a nosa actuación orientadora son: **planificación, prevención e desenvolvemento**. As intervencións serán, xa que logo, prioritariamente indirectas, grupais, internas e proactivas. Isto non quere dicir que non se atendan demandas puntuais, dos diferentes sectores. As familias con fillos/as con diversidade funcional xa van estar en contacto continuo co departamento. Circunstancias sobrevidas ao longo do curso,

consellos especializados, etc. serán motivo destas consultas individuais. O enfoque da tarefa orientadora será **colaborativo**, co obxectivo de ir propiciando cambios de mellora na práctica educativa, a través da potenciación da comunicación entre todos os membros que conformamos a comunidade educativa, coa idea de lograr os obxectivos comúns que pretendemos.



Howard Gardner, profesor da Universidade de Harvard, propuxo, hai agora algo máis de trinta anos, unha nova definición de intelixencia na que diferenciaba sete tipos: espacial, lingüística, musical, naturalista, corporal, matemática e emocional. O tema deste mes imos dedicarllo a esta última, á intelixencia emocional.

Como estimular a intelixencia emocional

M^a Dolores González Piñeiro

[Orientadora do CEIP San Clemente (Caldas de Reis - Pontevedra)]

QUE É A INTELIXENCIA EMOCIONAL?

A intelixencia emocinal refírese á capacidade de recoñecer os nosos propios sentimentos e os alleos, de motivarnos e de manexar ben as emocións, en nós mesmos e nas nosas relacións.

ESTRATEGIAS PARA ESTIMULAR A INTELIXENCIA EMOCIONAL

- Ensinarlles a dar nome e recoñecer os sentimentos e/ou emocións. Son de grande axuda os xogos, contos, tarxetas con debuxos, etc. Aproveitar o espazo de contar contos para que os nenos/as poidan identificar as diferentes emocións dos personaxes. Axudarlles a que debuxen os rostros dos personaxes ilustrando a emoción que están sentindo.

- Deixar que os nenos/as expresen os seus sentimentos e emocións. Como adultos, escoitar e expresar as propias.

- Relacionar xestos faciais con sentimentos: por exemplo, se te ris, dicirlles que este sentimento é ledicia. Se mostras unha cara triste é porque non che gusta o que está pasando. É fundamental que os nenos/as poidan aprender a “ler” as caras das persoas coas que interactúan para entender como se están sentindo e, eventualmente, de ser necesario, modificar a súa conduta.

- Ensinarlles que na vida non sempre se pode ter todo o que queremos. Deben aprender a esperar. É importante o autocontrol e auto-dominio.



A stylized illustration on the left side of the page. It features a brown brain at the top, connected by a thick, dark brown line to a red heart below it. The brain and heart are set against a light gray background with white outlines.

- Ensinarlles que cando se ten un problema, o primeiro que hai que facer é reflexionar e logo actuar dunha forma pacífica, sen mancar a outras persoas para solucionar o problema.

- Ensinarlles que hai que preocuparse por un mesmo, coidarse, pero tamén polas outras persoas. Aplauda cando o teu fillo/a aprenda, traballe ou xogue en equipo.

- A capacidade de automotivarse e posteriormente motivar as outras persoas está intimamente ligada co optimismo e a autoestima. Un neno/a que recibe recoñecemento polo que fai, raramente será agresivo e pesimista.

- Ensinarlles a pedir perdón cando realizan unha acción negativa.

Nas relacións sociais, ensinarlles aos nenos/as que a mellor maneira

de solucionar conflitos é conversando, non agredindo nin física nin verbalmente a outra persoa.

- Conversar cos nenos/as.

O ideal é que os valores fundamentais sexan proporcionados desde a familia e a escola. Axudalos a comprender a realidade, propoñendo xuízo crítico.

- Felicitar o neno/a cada vez que enfrente unha emoción negativa de maneira adecuada, é dicir, utilizando unha das técnicas

que se lle ensinaron ou que xurdiu del mesmo.

Isto axudará a que o neno/a faga consciente a súa aprendizaxe e, consecuentemente, automatice xeneralizándoa a situacións novas. Ademais, mellorará en optimismo e autoestima.

A mellor maneira de ensinar e educar é mediante o exemplo

{CENTROS PLURILINGÜES E SECCIÓNS BILINGÜES}

Desde hai uns poucos anos fixéronse habituais en Galicia; nas entradas dalgúns centros escolares, hai unhas plaquiñas coa frase “Centro Plurilingüe”. E iso que significa? Pois que todos os colexios e institutos que contan con esa denominación imparten algunha materia non lingüística nunha lingua estranxeira, normalmente en inglés. Neste curso o número de centros adscritos a esta rede é de 220, segundo os datos ofrecidos pola Consellería de Educación.

Todo isto comezou hai uns poucos anos coa introdución das seccións bilingües no noso sistema educativo. O docente que organiza unha sección bilingüe dá a súa materia (matemáticas, debuxo, música, etc.) a un grupo determinado utilizando unha lingua estranxeira, polo menos durante o 50% do tempo. Para fomentar a introdución do idioma estranxeiro xa desde infantil, a Consellería premiou a creación de seccións bilingües dando preferencia para escoller grupo aos profesores participantes e ofrecendo dotacións económicas aos centros, aos que tamén agasallaba coa plaquiña de “Centro plurilingüe”.

Son todas estas iniciativas realmente efectivas á hora de mellorar a competencia do noso alumnado na lingua estranxeira? Teño as miñas dúbidas: non sempre o profesorado ten o coñecemento efectivo da lingua na que imparte a materia; ademais, a introdución da lingua estranxeira en etapas moi temperás non é sinónimo de éxito, senón máis ben de confusión (como mostra, dicir que en Finlandia o idioma estranxeiro iniciase a partir dos 10 anos, cando xa está afianzada a lingua materna). E unha última cuestión: non son centros plurilingües tamén aqueles nos que a comunidade educativa utiliza a galego e o castelán na súa actividade cotiá?



CADENCIAS

Gracia Santorum

Para ler

Leviatán [Ramón Trigo, Faktoría K]. Pouco texto, sempre na páxina esquerda, para falarnos dunha viaxe incansable na procura dunha balea que semella unha pantasma, unha illa, unha lata, un... soño inalcanzable, en realidade, porque cómpre coidar a vida de cadaquén para proseguir o camiño, para seguir camiñando cara a adiante. Metalingüística polas referencias inevitables que o lector realizará con *Moby Dick*, carga simbólica que se establece entre a relación complexa entre ser humano e natureza, esta última tan agredida e que tenta sobrevivir.



Para escoitar



Lucecús [Editorial Galaxia]. O grupo Pirlampo, con ilustracións de Federico Fernández, ofrece dez temas tradicionais con xogos de voces, frauta, acordeón, guitarra, percusión, batería, baixo e gaita que arropan cancións de berce sobre Pedro Chosco, un tema sobre o Apalpador, outro sobre bruxas ou o que ten o Tío Nicanor e os seus animais como protagonistas.

Para loitar

Recinto Gris [Leticia Costas, Xerais]. Este libro vén de ser escollido para formar parte da colección dos mellores libros do mundo para rapaces e rapazas con discapacidade dentro da IBBY Collection 2015 Collection of Books for Young People with Disabilities. A novela realiza unha posta en valor da diferenza e os seus protagonistas son todos peculiares, estigmatizados e reclusos, e serán precisamente esas diferenzas as que os axuden a liberarse. Nela abórdanse temas como a solidariedade, a opresión, a colaboración, a violencia ou a utopía.



Da lingua

A última palabra

Cando se trata da lingua, hai quen só mira polo espello retrovisor; nós, en troques, pensamos nas nosas fillas e fillos, no devero de lles deixar en herdo un instrumento comunicativo e un elo comunitario. Porque usar o galego non é un acto de morriña, senón de intelixencia emocional e afectiva.

Cando se trata da lingua, hai quen pretende asustarnos con xigantes onde só hai muíños, metendo a todos os/as galegofalantes no mesmo saco, ideolóxico ou enxebrista; nós, en troques, sabemos que cada persoa é un universo en si mesma, e que o galego non é propiedade exclusiva de ninguén, senón de toda a comunidade, máis alá de grupos tribais e de tirapuxas partidistas que nos deixan sen azos.

Cando se trata da lingua, hai quen pretende facer excluínte o concepto de plurilingüismo, arredando o galego de ámbitos como o científico e o tecnolóxico, ou impoñendo o inglés como medida única de coñecemento; nós, en troques, sabemos que os únicos valos de arame residen no corazón dos intolerantes, eses que só ven na nosa fala un exotismo folclórico ou un produto de laboratorio.

Cando se trata da lingua, hai quen gusta de enturbar as augas; nós, en troques, propoñemos beber de regatos transparentes, que abrollan de fonte limpa; con respecto aos demais, pero con orgullo de seguir escoitando na rúa eses fonemas que nos distinguen entre todos os das culturas do universo, pois enchen a nosa gorxa de afecto e diversidade.

Cando se trata da lingua... a última palabra tamén a tes ti, o teu contorno, a túa familia.

